

Sistemas de Xestión da Aprendizaxe: Aula Cesga

- Actualizado (19.07.2006)

Dentro das opcións dispoñibles na Rede de plataformas de teleformación de licenza GPL (Licencia General Pública), o CESGA ten instalado, e ofrece ós seus usuarios/as, profesores/as e investigadores/as, unha versión personalizada do paquete de software Claroline, baseado en PHP/MySQL, Aula Cesga. Esta é unha ferramenta en constante evolución, froito do traballo colaborativo de moitas Universidades e centros de investigación.

Aula Cesga, permite ós profesores/as crear e administrar webs de cursos desde un navegador (Explorer, Netscape...). Desde o punto de vista técnico, o profesor/a só necesita saber manexar o seu navegador favorito. Pediráselle que escriba en cuadros de texto, que prema en "OK", e que prepare, no seu ordenador e de forma habitual, documentos (de Word, Powerpoint, pdfs...) para máis tarde subilos ó seu curso web. Nada máis.

Sen a pretensión de ser un "campus virtual", permítelle dispoñer, cunha administración moi sinxela, de un espazo de encontro onde compartir ferramentas co seu grupo de estudantes, unha "aula" complementaria á súas clases, accesible as 24 horas do día.

As características máis destacables de Aula Cesga son:

Sencillez de uso, tanto para o profesor/a como para o alumno/a.

Adaptabilidade ás necesidades dos usuarios/as, con ferramentas que se poden activar ou desactivar facilmente, ou a posibilidade de engadir outras.

Compatibilidade cos formatos e linguaxes estándares: php, html, sql...

Baixo custe na súa implantación.

¿Que lle permite ao profesor/a esta plataforma?

Publicar documentos en calquera formato (Word, PDF, HTML, Video...).

Administrar foros de discusión públicos ou privados .

Xestionar unha lista de ligazóns.

Administración de alumnos/as (altas e baixas, permisos...).

Crear grupos de estudantes.

Compoñer exercicios tipo test.

Estructurar unha axenda con tarefas e datas clave.

Publicar no tablón de anuncios (tamén por correo electrónico).

Facer que os estudantes envíen os seus traballos a unha área común.

Dispoñer de ferramentas de comunicación sincrónica.

¿Que ferramentas ofrece ao alumno/a esta plataforma?

O alumno dispón das opcións que o profesor/es do seu curso considere máis axeitadas á metodoloxía do mesmo: ferramentas comunicativas, zona de documentación, zona de traballo en grupo, modificación dos datos do seu perfil, etc.

¿Para que tipo de cursos se pode solicitar o uso de Aula Cesga?

Todos os usuarios/as do Cesga (profesores/as, investigadores/as) que desexen contar con esta ferramenta de xestión de cursos en web poden solicitalo desde a páxina principal da Aula, facendo click en "Inscripción". Aula Cesga pode ser unha ferramenta moi útil en cursos de doutorado, postgraos, seminarios, grupos de investigación, etc. Póñase en contacto con nós para defini-las necesidades do seu curso ou actividade formativa en caso de que necesite algún recurso adicional que non contemple a plataforma.

Manuais de uso:

Existen dous manuais de usuario para aproveitar ó máximo as posibilidades de uso de Aula Cesga.

Manual do profesor/a (pdf). Pinchando na seguinte ligazón pode descargar unha versión reducida do manual do profesor.

Manual do alumno/a (pdf).

Tamén pode visitar un curso de proba denominado "Aprendizaje Aula Cesga" ó que se pode acceder desde a páxina principal "<http://aula.cesga.es>". Alí pode ver as ferramentas de un curso desde o punto de vista de un alumno/a. Para calquera problema ou dúbida póñase en contacto con nós.

